

Tema 4.

1833-1874. A conflictiva construción do Estado liberal

(principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas)

Definicións do tema: Sufraxio censatario e universal, Estatuto Real, Unión Liberal, Cantonalismo, Desamortización

O carlismo como derradeiro bastión absolutista



Sabela II

En 1833, tras a morte de Fernando VII e a proclamación como raíña de Sabela II, producíronse en distintos lugares de España levantamentos ultrarrealistas nos que se recoñecía como rei a Carlos [V]. Estas proclamacións dividiron os españois en dous bandos irreconciliables: os carlistas, defensores do absolutismo e de Carlos, e os isabelinos, realistas moderados e liberais, partidarios de Sabela, e deron lugar á primeira das guerras carlistas.

O carlismo é unha ideoloxía e movemento político caracterizado pola defensa do:

- Lexitimismo, considerando que o único rei lexítimo era o infante Carlos de Borbón e os seus descendentes.
- Absolutismo, ou defensa da soberanía real de orixe divina.
- Tradicionalismo político, relixioso e social.
- Foralismo ou mantemento da organización administrativa tradicional que implicaba o respecto ás leis e privilexios forais dos diferentes territorios da monarquía, en especial das provincias vascas e de Navarra.

Estes principios quedaban recollidos no seu lema: Deus, rei e foros. Apoiaron o carlismo gran parte do clero e da fidalguía rural e tamén os campesiños das provincias vascas e de Navarra, que se sentían ameazados e prexudicados polas medidas propostas polo liberalismo de abolición das leis e dos privilexios forais (supresión da exención de impostos, da autonomía administrativa e económica).

A Primeira Guerra Carlista. 1833-1839

Enfrontou a carlistas e isabelinos e desenvolveuse de forma máis intensa nas provincias vascas, Navarra, norte de Cataluña e no Maestrazgo (entre as provincias de Cuenca, Teruel, Castellón e Valencia), zonas de predominio carlista, mentres que foi esporádica no resto de España. A superioridade do exército isabelino, en armas e homes, obrigou os carlistas a practicar a guerra de guerrillas na que destacaron algúns dos seus xefes militares como Zumalacárregui, Maroto ou Cabrera. A guerra foi longa debido á vontade de resistencia dos carlistas e á debilidade das tropas e mandos isabelinos, afectados polas disensións internas.

O cansazo da guerra e as vitorias dos isabelinos produciron entre os carlistas unha división interna entre os partidarios dun pacto co goberno de María Cristina e os partidarios de seguir loitando. Os primeiros, representados polo xeneral Maroto, asinaron en 1839 con Espartero, xeneral do exército isabelino, o Convenio de Vergara, no que se recomendaba ao goberno que propuxese ás Cortes o mantemento ou a modificación dos foros e o recoñecemento dos empregos e graos dos militares do exército carlista; a cambio, os carlistas aceptaban a Constitución de 1837 e recoñecían a Sabela II.



Carlos de Borbón

Pero Carlos de Borbón non recoñeceu o acordo e a guerra continuou dirixida polo xeneral Cabrera, en focos de resistencia cada vez menores, no Maestrazgo e o norte de Cataluña. En xullo de 1840, as derradeiras partidas carlistas abandonaron España camiño do exilio en Francia. Aínda que a guerra rematou, as reivindicacións carlistas mantivéronse vivas e darán lugar posteriormente a novos conflitos bélicos. A cuestión foral quedou pendente de solución.

Entre 1846 e 1849 desenvolveuse a guerra dos matiners (en catalán, os madrugadores) ou **Segunda Guerra Carlista**. Protagonizada por campesiños que protestaban pola crise agraria, os impostos e o recrutamento do exército, a revolta tamén pretendía a defensa dos dereitos ao trono do pretendente Carlos [VI]. Os protagonistas non conseguiron os seus obxectivos e a represión foi moi dura.

Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II

Durante o reinado de Sabela II instaurouse en España o Estado liberal. As diferenzas e disputas entre os distintos grupos liberais sobre os principios configuradores do Estado, provocaron frecuentes cambios constitucionais e políticos entre as dúas tendencias: a progresista, vixente entre 1836 e 1843, e a moderada, entre 1843 e 1868.

O triunfo da revolución fronte ao Antigo Réxime converteu o liberalismo na ideoloxía dominante. No entanto, á hora de levar á práctica os seus principios políticos e económicos, existiron fortes diferenzas que causaron a súa división en varias tendencias; esta división non foi só ideolóxica, senón que reflectía conflitos de intereses entre os diversos grupos burgueses por controlar o poder político e asegurar a súa hexemonía social.

O liberalismo doutrinario foi a corrente maioritaria en España e toda Europa durante o século XIX. Xurdiu como reacción ante os excesos revolucionarios e o temor dos grupos poderosos a perder a súa posición hexemónica na sociedade ante as demandas populares. Os seus trazos definitorios son:

- Monarquía constitucional
- O poder executivo e a dirección política é exercida pola Coroa, quen nomea e cesa libremente os ministros do Goberno (na práctica, o rei reina e goberna a través dos seus ministros).
- A Coroa comparte o poder lexislativo coas Cortes, de modo que as leis xorden da vontade conxunta de ambas as dúas institucións.
- Soberanía compartida.
- Restrición da participación política, o dereito ao sufraxio debe ser restrinxido, reservado unicamente a aqueles que posúan un determinado nivel económico ou cultural: **sufraxio censatario**.
- Limitación dos dereitos individuais, que debían estar regulamentados e figurar por escrito con límites precisos no seu exercicio, xa que, do contrario, segundo os liberais doutrinarios, podían xerar indisciplina e desorde social.
- Catolicismo de Estado e restrición da liberdade de cultos.

Estes principios foron asumidos, en maior ou menor medida, polos grupos burgueses pero existiron fortes diferenzas á hora de poñelos en práctica e causaron a división dos liberais en moderados e progresistas.

- Os **moderados** ou conservadores asumiron plenamente a defensa dos principios do liberalismo doutrinario. Foron os que exerceron máis tempo o poder e contaron coa predilección dos monarcas españois e o apoio dos grupos poderosos da sociedade. Foron férreos defensores da exclusión das masas da participación política, impondo un restritivo sistema electoral; así mesmo, amosáronse partidarios do establecemento dun Estado unitario e centralizado

. • Os **progresistas** seguiron unha liña ambigua. Procedentes dos exaltados das Cortes de Cádiz e do Trienio Liberal, foron moderando as súas reivindicacións. Aceptaron gran parte dos principios do liberalismo doutrinario, pero reclamaban a primacía das Cortes sobre o rei, a descentralización municipal e unha interpretación máis ampla das liberdades. Sempre tropezaron co desexo dos monarcas e dos moderados de excluílos do poder, o que lles obrigaba a empregar a conspiración e a violencia como medio para alcanzar os seus obxectivos. Tamén foron defensores das modificacións legislativas favorables ao desenvolvemento das actividades económicas capitalistas (desamortizacións, ferrocarrís...).

Etapas do reinado: As rexencias

En 1833, á morte de Fernando VII, a súa muller María Cristina converteuse na rexente do reino no nome da súa filla, a raíña Sabela II, menor de idade. Para asegurar o trono, a rexente tivo que buscar apoios entre os sectores



María Cristina

máis moderados.

O Estatuto Real

En xaneiro de 1834, a presión dos liberais obrigou a María Cristina a nomear xefe de Goberno a Martínez de la Rosa e a realizar concesións políticas entre as que destaca a promulgación do Estatuto Real que, en realidade, era unha convocatoria de Cortes na que se precisaban os trazos dun réxime político extremadamente moderado. No Estatuto, que se pode considerar como unha Carta Outorgada, a Coroa renunciaba a manter en exclusiva o poder admitindo unha ampliación da participación política en beneficio das clases posuidoras (a vella nobreza e a alta burguesía, unha minoría do 0,15 % da poboación); a soberanía seguía estando na Coroa, os dereitos dos cidadáns non aparecían recollidos e a separación de poderes nin se mencionaba.

Os progresistas, insatisfeitos con estas reformas, protagonizaron no verán do 1835 unha serie de revoltas urbanas, apoiándose na constitución de Xuntas e na Milicia Nacional: M^a Cristina viuse obrigada a encomendarlle o goberno ao progresista Mendizábal, que axiña emprendeu unha política de reformas máis radicais. Aínda que foi destituído pola presión da nobreza e o clero, no verán de 1836 os progresistas volveron ao poder como consecuencia do éxito do pronunciamento dos sarxentos da Granxa, e Mendizábal

asumió o Ministerio de Economía. A rexente tivo que xurar a Constitución de Cádiz e celebráronse eleccións a Cortes que gañaron os progresistas (Setembro 1836).

Mendizábal, político liberal cun pasado radical realizou numerosas reformas socioeconómicas entre as que destacan:

- A supresión dos conventos (debido ao seu apoio ao carlismo) e a exclaustación dos seus membros, coa excepción daquelas ordes que prestasen servizos de auxilio social como coidado de enfermos e educación dos pobres e os conventos femininos.
- A expropiación e venda dos bens das ordes eclesiásticas suprimidas (clero regular), a desamortización eclesiástica, coa finalidade de solucionar os problemas facendísticos, recadar diñeiro para financiar a guerra contra o carlismo, ampliar os adeptos de Sabela II e desmantelar o poder económico da Igrexa, considerada como un baluarte do Antigo Réxime.
- O establecemento do principio liberal do servizo militar obrigatorio, especialmente necesario para derrotar os carlistas.



Mendizábal

A Constitución de 1837

Elaborada co obxectivo básico de garantir a estabilidade política e a alternancia no poder entre progresistas e moderados, esta Constitución abandonaba os principios democráticos que inspiraron a de Cádiz e adoptaba os principios do liberalismo progresista:

- Soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes, con claro predominio das Cortes.
- A Coroa exercía o poder executivo, nomeaba e separaba libremente os seus ministros, compartía coas Cortes o legislativo, sancionaba ou vetaba as leis e convocaba, suspendía e disolvía as Cortes, aínda que neste caso tiña que convocalas de novo ao pasar tres meses.
- Cortes bicamerais formadas por Congreso e Senado, que posuían iniciativa legal e eran colexisladoras; os deputados eran elixidos por sufraxio censatario directo, mentres os senadores eran nomeados pola Coroa entre unha lista tripla por cada provincia.
- Elección popular dos Concellos
- Restablecemento da Milicia Nacional.
- Declaración explícita de dereitos e liberdades individuais, entre os que destacaban a igualdade ante a lei e a liberdade de imprenta sen censura previa.

- Certa tolerancia relixiosa: o Estado non se declaraba explicitamente confesional, aínda que se comprometía ao mantemento do culto católico.

A rexencia de Espartero



Espartero

O retorno dos moderados ao poder nas eleccións de Setembro de 1837 e a súa intención de desvirtuar, contando co apoio da rexente, a política reformista progresista, provocou un novo movemento insurreccional: M^a Cristina tivo que dimitir e asumiu a rexencia o xeneral Espartero (1841-43). Espartero, moi popular entre os progresistas pola súa victoria sobre os carlistas, gobernou con métodos autoritarios que o alonxaron dos seus partidarios. Levantamentos populares e conspiracións militares moderadas obrigaron a Espartero a abandonar o poder e as Cortes decretaron a maioría de idade de Isabel II en 1843. Poñíase así fin ao período das rexencias.

Etapas do reinado: A maioría de idade de Sabela II

Entre 1843 e 1868 a vida política española estivo marcada pola personalidade e carácter da nova raíña Sabela II. De escasa formación, cun matrimonio desgraciado co seu curmán Francisco de Asís (¡Antes abdicó que casarme con Paquita!, exclamara ao coñecer a noticia da voda, que se lle impón por razón de Estado), a raíña protagonizou numerosos escándalos e levou unha intensa e desordenada vida amorosa extramatrimonial de fonda repercusión na vida política. Ademais, os seus problemas de conciencia fixeron que na Corte tiveran unha especial influencia o seu confesor, o padre Claret e, sobre todo, sor Patrocinio das Chagas; os seus consellos foron recompensados con accións favorables aos intereses da Igrexa.

Sabela II gobernou apoiándose, agás moi breves períodos de tempo, en políticos moderados ou ultramoderados, moitos deles militares (pretorianismo): Os militares desempeñaron un papel moi activo na implantación e desenvolvemento do estado liberal español. Incluso en varios momentos clave atopamos gobernos presididos por xenerais (os espadóns) tanto de filiación progresista como moderada (Espartero, Narváez, O'Donnell...). As súas raíces áchanse na incapacidade da Coroa e dos partidos políticos para establecer unha alternancia política pacífica, é dicir, pola vía parlamentaria. Moitos dos cambios políticos decisivos na España do século XIX viñeron precedidos dun pronunciamento militar.

En maio de 1844 a raíña deu o goberno aos moderados, dirixidos polo xeneral Narváez. Desde o control do poder, os moderados modificaron as bases do sistema :

- **Constitución de 1845:** As Cortes revisaron a Constitución de 1837 e elaboraron outra inspirada nos principios do liberalismo moderado. A nova Constitución de 1845 establecía:
 - Soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes.
 - Supremacía política da Coroa que tiña o poder executivo, compartía a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes, nomeaba libremente o goberno, designaba os senadores e tiña o poder de suspender, disolver e convocar as Cortes case sen limitación
 - Participación política dos cidadáns moi limitada (0,8 % da poboación); os deputados eran elixidos mediante un sufraxio fortemente censatario.
 - Restrición das liberdades individuais, impoñéndose a censura previa da prensa.
 - Confesionalidade católica do Estado.



Xeneral Narváez

Outras medidas:

- Creación da Garda Civil (1844), unha nova institución militar baixo as ordes directas do goberno e formada por profesionais contratados que substituíu a suprimida Milicia Nacional dos progresistas. O seu obxectivo era controlar as masas populares, manter a orde pública, reprimir as alteracións sociais e asegurar a defensa da propiedade.

- Elaboraron unha nova Lei municipal (1845), que impoñía o nomeamento dos alcaldes polo Goberno, en todas as capitais de

- Realización da reforma tributaria de 1845, obra dos ministros Mon e Santillán, baseada nos principios liberais de obrigatoriedade e proporcionalidade; os múltiples impostos existentes foron reducidos a dous tipos: directos (fundamentalmente a contribución territorial e o imposto industrial e comercial) e indirectos (dereitos de hipotecas, aduanas, especiais como o do tabaco e sobre os consumos). Foi mal recibida polos comerciantes e industriais, pero as máis prexudicadas foron as clases populares que viron incrementada a presión fiscal por medio dos impostos indirectos, situación que foi a causa de numerosas protestas e motíns contra os consumos.

- Restrición da participación política, cunha Lei electoral para nomeamento de deputados a Cortes (1846) que establecía o voto por distritos electorais, non por provincias (o que facilitaba o seu control polo

gobierno), e incrementaba o nivel de riqueza para poder votar (o dobre dos progresistas) e ser elixido deputado (na práctica apenas podía votar o 0,8 % da poboación).

- Sinatura dun novo Concordato con Roma en 1851 no que a Igrexa aceptaba as vendas do seu patrimonio realizadas pola desamortización a cambio de: o mantemento da relixión católica como oficial e única do Estado; que a educación estivese conforme coa doutrina católica; recoñecer a capacidade das autoridades relixiosas para velar e intervir na defensa da pureza dos costumes, e dunha dotación económica do Estado para o culto e o clero.

Os sectores máis radicais dos progresistas, ante a imposibilidade legal de acceder ao poder, organizaron varios pronunciamentos, todos eles fracasados.

(Ex.: En Galicia, os progresistas realizaron en abril de 1846 un pronunciamento que, iniciado en Lugo, foi encabezado por Miguel Solís e ao que se sumaron diversas cidades galegas (agás Coruña e Ourense, controladas polo goberno). Os revolucionarios estableceron en Santiago unha Xunta Superior de Galicia da que foi secretario Antolín Faraldo. As tropas sublevadas foron derrotadas e Solís e once oficiais foron fusilados en Carral, no adro e na carballeira da igrexa de San Estevo de Paleo e alí mesmo, no seu camposanto, foron enterrados. Son os Mártires de Carral. O levantamento de 1846 ten unha especial significación para a historia de Galicia, pois nel, xunto ás peticións progresistas, aparecen os esbozos do provincialismo e das reivindicacións especificamente galegas.)

O Bienio Progresista. 1854-1856

En 1854, os progresistas e os moderados descontentos protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como a Vicalvarada (Vicálvaro, Madrid) encabezado polo xeneral O'Donnell e cun programa –o Manifesto de Manzanares–, no que se recollía a aspiración de reformar o sistema vixente. Poucos días despois, iniciáronse protestas populares en varias cidades nas que se constituíron xuntas de goberno.

A raíña, atemorizada e sen apoios, en xullo de 1854 nomeou a Espartero xefe de Goberno e a O'Donnell ministro de Guerra. As novas Cortes elaboraron unha nova Constitución, que non chegou a promulgarse (Constitución de 1856, a non nata), similar á de 1837.



Xeneral O'Donnell

Na actuación dos gobernos progresistas destacan:

- A Lei de desamortización xeral de 1855, realizada polo ministro Madoz, que poñía en venda: os bens das Ordes Militares, das institucións de beneficencia e os propios e comúns dos concellos. Esta lei supuxo un duro golpe para a economía dos concellos, que perderon gran parte dos medios cos que contaban para faceren fronte aos seus gastos de persoal e beneficencia, e para os campesiños pobres e os xornaleiros (especialmente en Andalucía), incapaces de comprar as parcelas que saíron á venda e que se viron desposuídos do usufruto das terras comunais. O empeoramento das condicións de vida do campesiñado provocou un considerable aumento da conflitividade social no ámbito rural.

- A Lei de ferrocarrís de 1855, que sentou as bases para a formación da rede ferroviaria española. As diferenzas entre Espartero e O'Donnell, as divisións e enfrontamentos entre os progresistas, a oposición dos moderados, a falta de apoio popular e o autoritarismo de Espartero deron lugar a unha grande inestabilidade política e ministerial. Aproveitando a situación, en 1856 O'Donnell deu un novo golpe, derrotou a Milicia Nacional e desprazou do poder a Espartero e os progresistas.

A Década Moderada-Unionista. 1856-1866

Entre 1856 e 1866 alternáronse no poder os moderados, presididos principalmente por Narváez, e os membros da **Unión Liberal**, formación política fundada e dirixida por O'Donnell e na que participaban membros procedentes dos sectores moderados e dos progresistas, así como numerosos militares. As restantes forzas políticas –progresistas radicais, demócratas, republicanos–, quedaron marxinadas do sistema. A Constitución de 1845 foi restablecida.

A política da Unión Liberal propiciou o desenvolvemento dunha serie de empresas militares fóra de España co obxectivo de prestixiar, no exterior, a monarquía española e lograr, no interior, a exaltación patriótica e a unión de todas as forzas políticas nunha causa común. O balance xeral non foi positivo, aínda que se lograron algúns éxitos parciais. Estas accións leváronse a cabo principalmente en: Cochinchina (1857-62), Marrocos (1859-60), México (1861-62), Santo Domingo (1861-65) e a Guerra do Pacífico contra Perú e Chile (1862-71, na que destacaron os ataques da escuadra dirixida polo galego Casto Méndez Núñez).

En 1866, as discrepancias entre a raíña e o xefe de Goberno O'Donnell, remataron cunha profunda crise política e a súa expatriación a Francia. Narváez asumiu a presidencia, gobernando de forma case ditatorial tratando de conter a avalancha de forzas opositoras; esta situación permite falar do Bienio Ultramoderado. Os sectores máis radicais dos progresistas organizaron varias accións para contrarrestar o moderantismo dos gobernos, pero todas elas fracasaron (ex.: sublevación dos sarxentos do cuartel de San Gil). No exilio, progresistas e demócratas, dirixidos por Prim, acordaron unir as súas forzas para derrocar a Sabela no Pacto de Ostende (1866), ao que posteriormente se uniron os unionistas de Serrano.

Tras a morte de O'Donnell (5-11-1867) e Narváez (23-4-1868) a raíña estaba soa. En setembro de 1868, unionistas, progresistas e demócratas, asociados na revolución e contando co apoio da mariña, do exército e das masas populares, destronaron a Sabela II na Revolución Gloriosa.

AÑOS	GOBERNANTES	MARCO CONSTITUCIONAL	ACONTECIMIENOS
1.834 – 1.840	REGENCIA DE MARÍA CRISTINA , MADRE DE ISABEL II, POR MINORÍA DE EDAD DE ESTA.	ESTATUTO REAL. CONSTITUCIÓN DE 1.837 , BASADA EN LA DE 1.812	PRIMERA GUERRA CARLISTA. DIVISION PROVINCIAL. DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL
1.840 – 1.843	REGENCIA DEL GENERAL ESPARTERO , CON LOS LIBERALES PROGRESISTAS .	CONSTITUCIÓN DE 1.837. ESPARTERO GOBIERNA DICTATORIALMENTE	GOBIERNO DURO FRENTE A MODERADOS Y LEVANTAMIENTOS POPULARES (BARCELONA)
1.844 – 1.854 (DÉCADA MODERADA)	MAYORÍA DE ISABEL II. NARVÁEZ OCUPA EL PODER CON LOS LIBERALES MODERADOS (CONSERVADORES)	CONSTITUCIÓN DE 1.845 MODERADA: MÁS PODER A LA REINA Y GOBIERNO, MENOS AL PARLAMENTO	CONCORDATO CÓDIGO CIVIL Y PENAL CENTRALISMO CORRUPCIÓN.
1.854 – 1.856 (BIENIO PROGRESISTA)	PRONUNCIAMIENTO DE O'DONNELL . PODER PARA LIBERALES PROGRESISTAS CONSPIRACIONES DE ISABEL II.	CONSTITUCIÓN DE 1.856 PROGRESISTA. NO LEGA A APLICARSE. "NON NATA"	AMPLIACIÓN DE LIBERTADES. 2º DESAMORTIZACION. LEY DE FERROCARRILES. TENSIONES CON IGLESIA.
1.856 – 1.868	O'DONNELL GOBIERNA CON LA UNION LIBERAL (<i>GOBIERNO LARGO</i>). SUCEDEN LOS MODERADOS .	SE RESTITUYE LA CONSTITUCIÓN DE 1.845	POLÍTICA CONSERVADORA EXPEDICIONES MILITARES PUCHERAZOS REPRESIÓN CONTRA PROGRESISTAS Y DEMÓCRATAS

Imaxes : WikiCommons (Dominio Público)